



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE DIVERSOS ESTUDOS DESTINADOS A MELLORAR A INTEGRACIÓN AMBIENTAL E SOCIAL DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS E AS CONDICIÓN LABORAIS DOS TRABALLADORES DO SECTOR.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Cámara Oficial Mineira de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de setembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento dunha serie de estudos destinados a mellorar a integración ambiental e social das actividades extractivas e as condicións laborais dos traballadores do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Cámara Oficial Mineira de Galicia, corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración, ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a redacción de estudos e traballos, atender con preferente coidado a hixiene e salubridade das minas e o establecemento e





desempeño dos servizos que se estimen necesarios, útiles ou de proveito para os intereses xerais da minería.

Para a consecución destes fins, as partes consideran de gran interese a realización dunha serie de estudos destinados a mellorar a integración ambiental e social das actividades extractivas e as condicións laborais dos traballadores do sector.

A tal fin, na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, figura a aplicación orzamentaria 09.20.734A - 781.3 para o desenvolvemento do presente Convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

